

A protección do medio natural - Lucía

Os ecosistemas

Os ecosistemas

É un conxunto formado polos seres vivos e o seu medio físico. A biosfera e o ecosistema máis grande que podemos definir, está formado por todos os seres vivos que habitan na Terra.

A organización dos seres vivos

As especies é un grupo de seres vivos que se parecen en algo. -A poboación son os membros dunha especie que habitan nun ecosistema. -A comunidade é o conxunto de todas as poboacións

O medio físico

O medio físico dun ecosistema inclúe numerosos elementos que inflúen sobre os seres vivos como o grao de humidade, a temperatura...

Relación entre o medio físico e os seres vivos

O medio físico dun ecosistema inflúe sobre todo na vexetación. Así, dependendo da combinación do clima, do terreo...

A nutrición nos ecosistemas

Os produtores dos ecosistemas

Nos ecosistemas terrestres as plantas son os produtores, en cambio nos medios acuáticos son as algas.

Os consumidores

Son os animais que non fabrican o seu propio alimento e deben conseguilo doutros seres vivos. Hai tres tipos de consumidores:

- Os consumidores primarios
- Os consumidores secundarios
- Os consumidores terciarios

Os descompoñedores

Son bacterias e fungos que descompoñen totalmente os restos dos seres vivos.

Cadeas e redes alimentarias

As relacións de alimentación entre as especies dun ecosistema represéntase mediante cadeas alimentarias. As redes alimentarias son unhas representacións en forma de rede que combinan varias cadeas alimentarias.

O medio ambiente

Que é o medio ambiente

O medio natural dun ser vivo está formado por todo aquilo que lo afecta.

As persoas modifican o medio ambiente

As persoas modificamos o medio natural coas nosas actividades: ao cortar árbores, ao queimar combustible... Posto que somos millóns de persoas e dispoñemos de moita tecnoloxía.

Os problemas do medioambiente

Algúns problemas que as persoas causan ao medio natural son os seguintes:-A contaminación

- O quecemento global
- A deforestación
- A perda de biodiversidade

A protección do medio natural

Responsabilidades dos cidadáns

Cada cidadán pode realizar numerosas accións favorables para o medio físico como aforrar:

- Auga
- Electricidade
- Combustible
- Respectar a fauna e a flora

Responsabilidades das autoridades

As autoridades teñen o deber de ditar leis que protexan o medio ambiente, como as que regulan a caza e a pesca.

Os espazos protexidos

Os Estados, as Comunidades Autónomas e algúns organismos internacionais poden conservar algúns espazos naturais que denominamos Espazos Protexidos, a fin de preservar valores naturais.